

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA**

EXTRACTO da Resolución do 5 de abril de 2022 pola que se dá publicidade do Acordo do Consello de Dirección que aproba as bases reguladoras de préstamos directos para o financiamento empresarial en Galicia e se convocan en réxime de concorrência non competitiva (código de procedemento IG408B).

BDNS (Identif.): 619591.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións (BDNS) (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

Primeiro. *Beneficiarias*

Poderán ser beneficiarias aquelas empresas que cumpran os seguintes requisitos:

a) Realicen unha iniciativa empresarial nun centro de traballo, obxecto da actuación que se vai financiar, localizada na Comunidade Autónoma de Galicia.

b) Cumpran as condicións establecidas especificamente para a correspondente modalidade de préstamo, conforme os requisitos que se detallan no anexo I das bases reguladoras.

c) Acheguen para a actuación unha contribución financeira mínima do 25 % do custo total, exenta de calquera tipo de apoio público.

Para as modalidades de préstamo especificamente indicadas no anexo I das bases reguladoras poderán ser tamén beneficiarias as persoas físicas, as agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, agrupacións de interese económico, as sociedades civís e comunidades de bens que cumpran os requisitos do número 1.

Segundo. *Obxecto*

As axudas concédense en réxime de concorrência non competitiva e teñen por obxecto a posta en marcha das seguintes liñas de préstamos: préstamos para investimentos es-



tratéxicos, préstamos para financiar investimentos en infraestruturas de uso compartido e desenvolvemento de proxectos en Galicia por parte de centros tecnolóxicos e asociacións empresariais, préstamos para financiar a operativa da industria auxiliar naval e préstamos para financiar a operativa de industrias afectadas polo incremento de prezo de materias primas e subministracións como consecuencia da invasión de Ucraína por Rusia.

Terceiro. *Bases reguladoras*

Resolución do 5 de abril de 2022 pola que se dá publicidade do Acordo do Consello de Dirección que aproba as bases reguladoras de préstamos directos para o financiamento empresarial en Galicia e se convocan en réxime de concorrência non competitiva (código de procedemento IG408B).

Cuarto. *Importe*

Os créditos dispoñibles para concesións nesta convocatoria aboaranse con cargo á partida orzamentaria 06.A1-741A-8310 e por un importe de 20.000.000 € para o ano 2022 e 8.000.000 € para o ano 2023.

Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

O prazo de presentación de solicitudes comezará o día seguinte ao da publicación da resolución de convocatoria no *Diario Oficial de Galicia* e rematará o 30 de decembro de 2022, agás que se produza o suposto de esgotamento do crédito.

Santiago de Compostela, 5 de abril de 2022

Patricia Villajos Grande
Xerente do Instituto Galego de Promoción Económica

CVE-DOG: lk8dk1t1-zbb3-etr0-f0w1-aoab0n6t8ap3

